

# **ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDACTICA CURSO 2019/2020**

**CENTRO: IES O RIBEIRO**

**GRUPO: 2º ESO A-B-C**

**MATERIA: FRANCÉS 2ª LINGUA ESTRANXEIRA**

**DEPARTAMENTO: FRANCÉS**

**DATA: 18 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

MATERIA: FLE

GRUPO: 2º ESO A-B-C

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Non se modifican con respecto aos da programación para o curso 2019-2020, dado que mediante as actividades que se propoñen por E-Dixgal durante o terceiro trimestre e os traballos, exames e as actividades de aula realizados durante as 2 primeiras avaliacións, son suficientes para acadar as competencias CCL, CAA, CCEC e CD.

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

#### **Procedementos avaliación:**

Empregaremos todos os datos recollidos no caderno do/a profesor/a ao longo das dúas primeiras avaliacións do curso (traballo diario na aula, observación directa, control das tarefas e as diferentes probas realizadas: proba de comprensión e expresión escrita formada por exercicios de gramática, exercicios de vocabulario, textos curtos de comprensión e textos curtos de expresión, proba de comprensión oral formada por exercicios curtos de comprensión oral e sobre temas traballados na aula e unha proba de expresión oral: lectura dramatizada individual de cada alumno e por parellas). Ademáis, teremos en conta o esforzo e o traballo realizado polo alumnado nesta terceira avaliación de xeito telemático tendo valor únicamente positivo, e que permitirá un aumento na nota de entre 0 e 1 punto.

Tendo en conta o anterior e que se trata dunha materia con avaliación continúa, os/as alumnos/as que teñan suspensa a materia cun 4, en función do traballo realizado ao longo do terceiro trimestre destinado a repaso e reforzo dos contidos xa visto en clase, poderán superar a materia en xunio. Para os/as alumnos/as que teñan suspensas a primeira e a segunda avaliación, ou únicamente a segunda cunha nota inferior ao 4, dado que non teñen a posibilidade de recuperar co exame da terceira avaliación, establécese nesta modificación da programación, unha proba tipo test no mes de xuño sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións, co fin de manter a posibilidade de superar a materia en xuño que establece a avaliación continúa establecida na programación. A devandita proba concretarase co alumnado afectado, fixando día, hora e de non poder ser presencialmente, a través dos medios telemáticos que se veñen empregando con eles durante o terceiro trimestre.

### **Instrumentos avaliación:**

- Tódolos datos recollidos no caderno do/a profesor/a ao longo das dúas primeiras avaliacións do curso así coma as notas acadadas polo alumnado nas mesmas e que figuran no XADE.
- Os traballos e actividades realizados telemáticamente ao longo do terceiro trimestre tanto mediante a plataforma E-Dixgal como por correo electrónico ou outros medios empregados en función das diferentes casuísticas do alumnado. Os devanditos traballos e actividades valoraranse globalmente unicamente de xeito positivo, podendo os/as alumnos/as incrementar a súa nota cun valor que oscilará entre 0 e 1 punto en base ao traballo realizado neste último trimestre.
- O alumnado que teña suspensas a primeira e a segunda avaliación ou unicamente a segunda, poderán presentarse a unha proba final en xuño sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións, co fin de manter a posibilidade de superar a materia (coma establece a avaliación continua da programación) no mes de xuño. Este examen será presencial se a evolución da situación sanitaria nolo permite, de non ser así empregaranse os mesmos medios e plataformas coas que se está a traballar durante o terceiro trimestre, sempre adaptado a situación de cada alumno e alumna.

### **Cualificación final :**

A cualificación final da avaliación ordinaria de xuño terá en conta o seguinte:

- Para os que teñen superadas as dúas primeiras avaliacións, a nota final terá en conta as notas das dúas avaliacións incrementada ata un máximo de 1 punto segundo os traballos e actividades realizadas polo/a alumno/a durante o terceiro trimestre e en base ao grado de adquisición de competencias, xa explicados nos apartados anteriores.
- Para os que superaran a segunda avaliación, a nota final será a nota da segunda avaliación incrementada ata un máximo de 1 punto segundo os traballos e actividades realizadas polo/a alumno/a durante o terceiro trimestre e en base ao grado de adquisición de competencias, xa explicados nos apartados anteriores.
- Para os que teñen suspensas as dúas avaliacións ou soamente a segunda cunha nota inferior a 4, terán que presentarse a unha proba final en xuño e acadar un 5 para superar a materia.
- Para os que teñan suspenso a segunda avaliación cun 4, poderán superar a materia en xuño sen necesidade de facer a proba final sempre que entreguen os traballos e actividades a realizar no terceiro trimestre e acaden as competencias traballadas.

### **Proba extraordinaria de setembro:**

Os/as alumnos/as que non superen a materia en xuño, deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro que consistirá nunha proba única de comprensión e expresión escrita que representará o 100% da cualificación. Dita proba versará basicamente sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións.

### **Alumnado de materia pendente**

### **Criterios de avaliación:**

- Na ESO, as materias son de contido progresivo polo que a súa superación nun curso supón a superación da materia do curso anterior se estivese pendente. Nesta modificación contemplase que se o/a alumno/a ten superadas as dúas primeiras avaliacións do curso inmediatamente superior (neste caso 3º ESO), quedaría aprobada tamén a pendente do curso anterior (2º ESO).
- Ademais da avaliación continua correspondente ao curso no que se está matriculado, no caso das pendentes, xa se realizou de xeito independente unha avaliación continua dos dous primeiros trimestres aos alumnos e alumnas coa materia do curso anterior sen aprobar. Tal coma se establece para a avaliación final do curso 2019-2020 nesta modificación, a superación do segundo trimestre suporá o aprobado da materia pendente.
- Para os que non superaran a materia pendente por calquera das dúas vías anteriores, terán unha terceira posibilidade mediante as probas oficiais de xuño e setembro que coincidirán coas establecidas no apartado 2. Avaliación e cualificación desta modificación.
- O profesor encargado de supervisar o progreso destes alumnos é o profesor que imparte á materia no curso actual. Os alumnos que non cursen a materia no curso actual serán supervisados polo xefe ou xefa do departamento.
- So existe un alumno de 3º ESO que ten pendente o francés segunda lingua estranxeira de 2º ESO e non cursa o francés en 3º ESO.

### **Criterios de cualificación:**

A cualificación final da pendente de xuño terá en conta o seguinte:

- Para os que teñen superadas as dúas primeiras avaliacións, a nota final terá en conta as notas das dúas avaliacións.
- Para os que superaran a segunda avaliación, a nota final será a nota da segunda avaliación.
- Para os que teñen suspensas as dúas avaliacións ou soamente a segunda, terán que presentarse á proba final de xuño e acadar un 5 para superar a pendente.

### **Procedementos e instrumentos de avaliación:**

- As notas acadadas polo alumnado nas probas escritas das dúas primeiras avaliacións e que figuran no XADE.
- As notas acadadas nas dúas primeiras avaliacións do curso inmediatamente superior (3º ESO), de acordo co establecido nos criterios de avaliación deste apartado.
- O alumnado que teña suspensas a primeira e a segunda avaliación particular ou unicamente a segunda, e que non superara a materia do curso inmediatamente superior (3º ESO), poderán presentarse a unha proba final extraordinaria en xuño, sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións. Este examen será presencial se a evolución da situación sanitaria nolo permite, de non ser así empregaranse os mesmos medios e plataformas cos que se están a traballar. Consistirá nunha proba única de comprensión e expresión escrita que representará o 100% da cualificación.

- Os/as alumnos/as que non superen a proba de xuño, poderán presentarse á proba extraordinaria de setembro que consistirá nunha proba única de comprensión e expresión escrita que representará o 100% da cualificación. Dita proba versará basicamente sobre os contidos das dúas primeiras avaliacións.

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### **Actividades:**

As actividades levadas a cabo nesta terceira avaliación baséanse en afianzar os contidos dados nas dúas primeiras, poder empregar os correctamente para poder avanzar de cara ao próximo curso, e dirixidas a acadar as competencias imprescindibles.

#### **Metodoloxía** (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Case todo o alumnado de 2ºESO conta con ordenador e con conectividade a Internet, polo que o seguimento da materia faise a través da plataforma E-dixgal, medio empregado en varias materias de xeito anual e coa que están familiarizados. É nesta plataforma onde subimos as actividades, tarefas e material complementario, para que o alumnado fago un axeitado repaso e reforzo da materia xa impartida.

Os/as 3 alumnos/as de 2º ESO que carecen de conexión a internet, reciben e remiten as devanditas actividades e tarefas ou ben por correo electrónico e con documentos adxuntos, ou ben impresos en papel coa colaboración do Concello correspondente.

#### **Materiais e recursos**

Nesta terceira avaliación empregamos a plataforma E-dixgal, correo electrónico e arquivos en PDF impresos para traballar os contidos con actividades de repaso e reforzo. Empregamos tanto recursos online dos que dispoñemos en linguas estranxeiras, como o libro e "cahier" de exercicios utilizados en clase. Este recursos permiten ao alumnado combinar exercicios online con autocorrección coma exercicios na libreta que deberán subir á plataforma. Son actividades amenas e que pretenden afianzar os contidos estudados.

### 4. Información e publicidade

#### **Información ao alumnado e ás familias:**

O profesorado está continuamente en contacto co alumnado, xa sexa a través de E-dixgal, do correo electrónico do/a profesor/a e da comunicación cos titores mediante grupos de whatsapp.

Cos devanditos recursos tramítase a información da materia FLE, explicacións, recursos, traballos e tarefas da mesma. Emprégase de cotío o servizo de mensaxes que ofrece a plataforma para resolver as dúbidas que lle xurde ao alumnado neste novo tempo de teletraballo, polo que o

contacto é continuo.

A maiores, o/a profesor/a conta cunha dirección de correo electrónico de uso exclusivo para os docentes co que contan os/as alumnos/as se nalgún momento tiveran problemas de conexión ou se precisaran contactar co docente a través deste medio.

Mantense así mesmo o contacto directo (telefónicamente, whatsapp...) cos titores de cada grupo, cuxo papel é fundamental á hora de coñecer a problemática de cada alumno/a nesta terceira avaliación e aos que recorreremos cando queremos resolver calquera problema de comunicación que poda xurdir co alumnado.

**Publicidade:**

Esta modificación xunto coa programación orixinal están publicadas na web do centro